

## A horta de altair

Se un grupo pode, debe ter un pequeno terreo para cultivar ; poucas actividades poderán centrarse mellor os obxectivos da Carta Constitucional de altair que a actividade da pequena horta do grupo: responsabilidade, compromiso, ciclos da época, do ano, da vida, alimentación, dieta, sustentabilidade, valor das cousas, natureza, esforzo, dedicación ... e tantas outras ideas, valores, coñecementos, destrezas que poden apor se a estas que aí van.

@ s pícar @ s que coman nun campamento a cebola que axudaron a tratar, @s aventureir @ s que prepararon novos sucos, argonautas que estudan mellores fórmulas de cultivo sustentábel e biolóxico, insurras que descascan as patacas que conseguiron recoller do seu traballo de meses, pioneir @ s que estudan os cultivos da zona e suxiren e traballan un novo produto valioso que está a ser esquecido.

A horta pode estar presente en actividades de cada grupo de idade e na acción colectiva do grupo; levará a saber máis, a relacionarse máis, a incidir progresivamente nun entorno máis saudábel e sustentábel, a horta é o valor de moitas cousas non medida en termos necesariamente económicos, que tamén.

O pequeno terreo do grupo, talvez un canteiro para uns tomates, enriquecerá o grupo e dará novo sentido á relación co entorno, co local, ao ollar sobre a tradición e a cultura a que dan lugar e que producen, que vai nunha canción ou nunha festa popular. Será un manual de apreciación das relacións mercantís que ve, das ofertas a que asiste nun mercado.

Aquel terreo será sempre unha marca, concreta e á vez metafórica, a memoria do grupo e da aprendizaxe e da viaxe nel.

Todo o grupo que puder, teña polo menos un pouco de terra, propia ou cedida, sementes e saiba ben utilizar un pouco de auga para o seu traballo e consumo. Mesmo para ofrecer a quen pasa, quen nos fixo ben, quen nos visita de lonxe.